

CONCELLO
DE VIGO



Concerto *Ladibain*



*La vie en rose,
unha viaxe musical con Ladibain*



Ladibain

LADIBAIN é un proxecto musical que nace en Vigo no ano 2014, liderado pola mezzosoprano viguesa Nuria Lorenzo, co que se mergulla en novos terreos de fusión de jazz e soul, sen chegar a perder con elo a característica impronta lírica que imprime a intérprete nas súas actuacións.

Forman parte tamén deste proxecto Karolis Biveinis como pianista, Ángel Martínez no baixo eléctrico e o bouzouki e o batería Noli Torres.

O grupo conta ademais cunha escenografía, vestuario e atrezzo xenuínos, así como colaboradores profesionais do espazo escénico e sonoro.

De todo isto xorde un produto coidadoso de estilo inequivocamente propio, no que prima a elegancia e a calidade como principais signos de identidade.



Ángel Martínez



Noli Torres



Karolis Biveinis



Nuria Lorenzo

La vie en rose, unha viaxe musical con Ladibain

é un espectáculo concibido para a súa representación en teatros ao longo do territorio nacional. Cunha duración de 1 hora e 45 minutos, dividido por unha pausa de 15 min., propón unha viaxe pola historia musical do século XX interpretando coñecidas versións do jazz e soul, así como temas propios.

A interpretación está acompañada de diálogos e escenificación dos intervinientes, que serve de fío condutor entre as diferentes interpretacións.

O espectáculo conta cun detido apoio audiovisual que confire unha posta en escena recreando diferentes atmosferas, espazos e instantes.

Artistas convidados;

- Acordeón: Andrea García
- Trombón: Óscar Dorado
- Voces: Coro Gli appassionati de Vigo

PROGRAMA DO CONCERTO

▶ PRIMEIRA PARTE ◀

1. Tango *"Garganta con arena"*. Letra e música de Cacho Castaña
2. Tango *"Nostalgias"*. Letra de Enrique Cadícamo e música de Juan Carlos Cobian
3. Tango *"Una noche porteña"*. Música de Karolis Biveinis
4. *"Blue moon"*. Letra de Lorenz Hart e música de Richard Rogers
5. *"If I'm alone"*. Letra e música de Jesús Moares
6. *"Summer time"*. Letra de Du Bose Heyward e música de George Gershwin
7. *"New York"*. Letra de F. Ebb e música de J. Kander
8. *"Moon river"*. Letra de Johnny Mercer e música de Henry Mancini
9. *"Bésame mucho"*. Letra e música de Consuelo Vázquez
10. *"Ave María"*. Música de Giulio Caccini

▶ SEGUNDA PARTE ◀

1. *"La vie en rose"*. Letra Edith Piaf e música de Louiguy
2. *"Ne me quitte pas"*. Letra e música de Jacques Brel
3. *"Bed of roses"*. Letra e música de Jesús Moares
4. *"Mr Sandman"*. Letra e música de Pat Ballard
5. *"Tea for two"*. Letra de Irving Caesar e música de Vincent Youmans
6. *"Contigo aprendí"*. Letra e música de Armando Manzanero
7. *"Only you"*. Letra de Ande Rand e música de Buck Ram
8. *"El Padrino"*. Letra popular e Música de Nino Rota
9. *"Contradição"*. Letra e música de Jesús Moares
10. *"Haleluya"*. Letra e música de Leonard Cohen

Máis información en: vigocultura.org

Equipo técnico do programa:

Espazo escénico: Diego Valeiras.

Vídeo arte: Aitor Uve.

Son: Luis Antelo (Estereoarte Estudio).

Rexiduría: Roi López.

Responsable produción: Laura Míguez.

Gravación de son Pablo Barreiro.

Agradecementos:

Andrea García ao acordeón, Óscar Dorado ao

trombón, Coro Gli Appassionati de Vigo e Pablo

Barreiro técnico de son da RTVG e a RTVG.

**CONCELLO
DE VIGO**

